

DECLARACIÓN COMITÉ NACIONAL 24 DE XANEIRO DE 2018

En Santiago de Compostela, o día 24 de xaneiro de 2018, celebrouse o II Comité Nacional Ordinario da FeSP-UGT, que aprobou por maioría a seguinte

DECLARACIÓN

I.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL: AGORA O PÚBLICO!

- *Iniciativa, participación e presenza dende o diálogo e a mobilización*

O Comité Nacional insiste na necesidade de impulsar e potenciar a campaña que baixo a lema *Agora o Público! Salarios, Emprego e Dereitos*, está a desenvolverse na actualidade, coa pretensión de trasladar a urxente necesidade de recuperar o Diálogo e a Negociación no conxunto do Sector Público, mediante propostas responsables e realizables.

A sinatura, o pasado mes de marzo, do Acordo para a mellora do emprego público, a nivel estatal, e no mes de outubro, do Acordo de Plan de estabilidade no ámbito da Xunta de Galicia, foron o inicio da recuperación do Diálogo Social en materia de emprego público, con todo, a conxuntura política e social destes últimos meses, provocou que o Diálogo Social siga sendo escaso e demasiado lento na maioría dos ámbitos e sectores que compoñen a Federación.

- *Por un crecemento sólido e sen riscos: Existe marxe orzamentaria para maior investimento social*

Desde a FeSP-UGT consideramos que o sector público contribúe positivamente ao progreso económico e social. Na actual conxuntura económica, cun crecemento por encima do 3%, entendemos que existen os medios para un aumento significativo do investimento no sector público, o cal é esencial para o desenvolvemento, a redistribución da riqueza e a provisión de estabilizadores en momentos de crise económica. O aumento dos salarios e a protección contra o traballo precario no sector público, proporcionan traballo decente e contribúen á demanda e ao crecemento económico, garantindo que o estado social sexa independente dos intereses empresariais e partidistas.

Consecuentemente, o Comité rexeita o Plan Orzamentario 2018, remitido polo Goberno estatal á UE, e insta a abrir un espazo de negociación na Mesa xeral de negociación das Administracións Públicas e nas Mesas Sectoriais, que teña efectos nos Orzamentos para o 2018, tanto haxa prórroga ou novos orzamentos.

Así mesmo, o Comité Nacional insta á Xunta de Galicia a que inicie un proceso real de negociación efectiva co fin de anular a suspensión temporal de Acordos vixente

dende 2012, posto que non se dan as condicións macroeconómicas coas que xustificaron a adopción daquela medida, e se proceda a restituír os dereitos conquistados en materias tan sensibles como xornada, conciliación, igualdade, IT, acción social, e dereitos sindicais.

- ***As empregadas e empregados públicos como garantes do ben común***

A defensa dos dereitos dos empregados e empregadas públicas é prioritaria para a FeSP-UGT. Non só polo dereito que lles asiste como persoas traballadoras, senón tamén pola necesidade de reforzar os servizos públicos, por canto supón para a mellora da calidade de vida da cidadanía, en termos de igualdade e cohesión social, sendo os garantes diso.

Neste sentido, o Comité Nacional considera oportuno lembrar que a profesionalidade e implicación das empregadas e empregados públicos, evitou unha maior e negativa repercusión dos sucesivos recortes que, en materia de servizos públicos, sufriu a cidadanía estes anos, resultando imprescindible a aprobación dunha batería de medidas para o recoñecemento que merecen polo protagonismo e relevancia que realmente teñen.

- ***Alicerce Social Europeo: Un bo comezo que precisa dun desenvolvemento en positivo***

A recente aprobación do denominado "*Pilar Social Europeo*" no último Cume da UE (17/11), é valorada positivamente polo Comité, mandando que a través da nosa presenza na EPSU traballemos para que se traduza, o máis axiña posible, en medidas concretas que nos acheguen ao modelo social europeo que defendemos, e se converta nun verdadeiro instrumento legal e orzamentario, que incida nas condicións de vida da cidadanía.

- ***Reafirmación do internacionalismo da FeSP-UGT na Internacional de Servizos Públicos (ISP): "O pobo por encima do lucro"***

A recente celebración do 30º Congreso da ISP (30 out-3 nov.), baixo a lema "*O pobo por encima do lucro*", serviu para ratificar o compromiso da FeSP cun internacionalismo sindical capaz de enfrontarse a unha globalización cuxas decisións son tomadas por axentes globais supranacionais, circunstancia que esixe solucións sindicais mundiais, máxime se temos en conta que ditas decisións afectan a vida diaria das traballadoras e traballadores públicos e a cidadanía.

II.- ACCIÓN SINDICAL E NEGOCIACIÓN COLECTIVA: INCREMENTAR SALARIOS, FORTALECER DEREITOS, XERAR ESTABILIDADE

- *Fortalecemento dos sectores: Clave para ser máis eficaces*

A Federación continuará potenciando os sectores para anticipar ameazas e defender intereses, compartir información e desenvolver capacidades mediante a elaboración de plans sectoriais claros, que inclúan a sindicalización e o crecemento nos ámbitos públicos e privados, así como a identificación e selección de subsectores estratéxicos para garantir a ampliación da nosa base de afiliación, e sindicalizar aos traballadores e traballadoras para crear e proxectar poder de proposta e negociación ou mobilización no seu caso.

Neste sentido, as actividades sectoriais integrarán, transversalmente, a recompilación de boas prácticas, directrices políticas e recursos sobre temas prioritarios e divulgará periodicamente esta información entre as súas persoas membros.

- *Desenvolver as previsións do Acordo para a mellora do emprego público estatal e do Acordo de Plan de estabilidade no emprego autonómico*

A sinatura dos Acordos de 29 de marzo e 19 de outubro de 2017 deben concretarse en todos os ámbitos e sectores a curto prazo para ver reducida a temporalidade nun 90%. Por iso, tras instar ao Goberno a que aprobe unhas Instrucións con criterios comúns para o desenvolvemento homoxéneo dos procesos, debemos presionar nas Mesas de Negociación para que as Administracións o executen da maneira máis consensuada posible.

O Comité Nacional demanda o adecuado funcionamento da Comisión de Seguimento e das Subcomisións sectoriais no ámbito da Xunta de Galicia, cuestión imprescindible para avanzar na aplicación dos criterios comúns e o desenvolvemento do Acordo nos seus propios termos.

- *Cambios no marco normativo dos servizos públicos e os seus empregados e empregadas públicas: recuperando a súa esencia e fins sociais*

FeSP-UGT, complementariamente á necesaria modificación do marco económico e orzamentario, e co obxectivo de configurar un estado social poderoso e uns servizos públicos fortes, imos continuar esixindo a modificación de moitas normas, revisadas unilateralmente polos gobernos: EBEP, AFEDAP, Estatuto Marco, LOMCE, Lei Xeral de Sanidade, Lei de Saúde de Galicia, Lei Reforma Local, etc. E tamén o desenvolvemento doutras: Estatuto docente e Estatuto do persoal docente e investigador, Estatuto AGE, etc.

- ***A nova Lei de Contratos do Sector Público: Defender a calidade dos Servizos e as condicións laborais***

A aprobación da nova Lei de Contratos do Sector Público, con entrada en vigor en marzo 2018, debe servir para esixir o desenvolvemento e cumprimento de todas as posibilidades que ofrece en cuestións como: inclusión de cláusulas sociais e laborais nos pregos de contratación, garantías salariais tomando como referencia o convenio sectorial, posibilidade de impugnar a contratación que vulnere os dereitos laborais, informar sobre as posibles concesións, etc.

- ***A igualdade de xénero: A súa integración na Negociación Colectiva***

O Comité Nacional considera que debemos ser máis belixerantes á hora de garantir a igualdade de trato e oportunidades. Evitando discriminacións mediante a integración das nosas esixencias, directamente, nos Convenios Colectivos, a través da inclusión das cláusulas que esixen as normas reguladoras en materia de igualdade de xénero (relativas á non discriminación nos ascensos, á igualdade salarial, ao establecemento de medidas de loita contra o acoso laboral ou sexual, á aprobación e efectiva aplicación do Plan de Igualdade na empresa...), e de aquelas outras accións positivas que contribúan á eliminación das discriminacións por razón de sexo, para que teñan eficacia normativa directa e se configuren nun dereito subxectivo esixible de forma automática.

Con respecto ao ámbito das Administracións Públicas, o Comité esixe aos Gobernos central e autonómico a inmediata posta en marcha da Comisión de Igualdade no marco da Mesa Xeral das Administracións Públicas.

- ***A Negociación Colectiva nas Administracións Públicas: Que a recuperación chegue ás empregadas e empregados públicos***

A demanda da Federación resúmese na reapertura da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas no Estado e na Xunta de Galicia, así como no resto de ámbitos e sectores, para negociar, entre outras, as seguintes cuestións:

- ✓ Recuperación efectiva do dereito á negociación colectiva no conxunto das Administracións Públicas.
- ✓ Recuperación do emprego partindo do Acordo para a Mellora do Emprego Público e do Acordo de Plan de estabilidade, que deben ampliarse e consolidarse, sen renunciar á eliminación da Taxa de Reposición que permita a creación neta de emprego.
- ✓ Recuperación do poder adquisitivo mediante o recoñecemento da débeda salarial que se ten contraída e incrementos salariais que impidan a xeración de novas perdas.

- ✓ Eliminación da xornada mínima de 37´5 hrs, semana, como regulación básica legal. Facilitando a capacidade negociadora en cada Administración Pública para poder fixar unha xornada inferior en virtude da súa autonomía e capacidade de organización.
- ✓ Derrogación da Lei 1/2012 e recuperación de Acordos, Convenios e dereitos suspendidos con dita Lei.
- ***A Negociación colectiva nos Servizos Públicos de Xestión Privada: Desbloquear situacións para mellorar as condicións laborais***

O inmovilismo patronal á hora de abordar as negociacións pendentes, inaplicacións e descolgues de todo tipo (salariais, horario, distribución xornada, etc.), recortes nas plicas de concesión de servizos por parte das Administracións concesionarias, morosidade no pago, etc., están a xerar destrución de emprego e diminución nas condicións laborais.

Ante esta situación, debemos priorizar o mantemento do emprego, a mellora do poder adquisitivo, a preeminencia do Convenio sobre acordos individuais, o recurso á solución extraxudicial, etc., combinando o diálogo, a mobilización e a xudicialización. Todo iso conforme ás conclusións das Xornadas Confederais de Negociación Colectiva 2018 e á espera da concreción dun novo AENC.

III.- EXPANDIR E REFORZAR A nosa REPRESENTATIVIDADE E AFILIACIÓN

- ***Eleccións sindicais. 2018, un ano clave para seguir crescendo: O reto de manter unha gran representatividade nos servizos públicos***

O ano 2017 reflicte que a nosa federación gaña as eleccións sindicais en empresa branca e renovacións, mellorando con respecto aos resultados propios de 2013 de forma discreta, e de xeito superior aos obtidos por outros sindicatos.

Afrontamos en 2018 e 2019 a renovación do 70% da nosa representación sindical. O Plan de Actuación Electoral (PAE) en cada un dos niveis da federación é a ferramenta clave de planificación e anticipación para encalara; é o Comité Electoral o ámbito onde facer o seguimento e a coordinación de todas as accións así como a actualización permanente de obxectivos e tarefas.

As previsións e obxectivos que establecemos para o conxunto da FeSP son de crecemento en torno ao 8% da nosa representación, corrixindo algúns déficits que temos sectoriais e territoriais.

As eleccións sindicais son o exame sobre o estado e a xestión do conxunto do sindicato por parte das persoas traballadoras e, á súa vez, nos valida, habilita e dá

poder para desenvolver a negociación colectiva. É por iso que son un elemento estratéxico da nosa tarefa sindical.

A tendencia que queremos seguir nestes dous próximos anos en que as eleccións sindicais supoñen unha gran mobilización da organización.

- ***Máis afiliación para unha maior autonomía e poder de negociación***

Xunto coa representación, a afiliación establece a capacidade e a forza da nosa Federación. Para unha organización que funciona basicamente cos recursos das cotas que achegan os afiliados e afiliadas, é clave atender e mellorar a súa xestión e o seu crecemento.

O 2017 é xa un ano de crecemento afiliativo para o conxunto da federación. Os últimos meses con cobro consolidado sitúanos por encima dos 11.300 afiliados e afiliadas netos, o que representa un incremento interanual do 7,8%.

Os cambios requiren poder. E, basicamente, o noso poder reside no tamaño, a forza, a unidade das nosas estruturas e incremento da afiliación, pois cada empregado e empregada público que se suma á loita fainos máis fortes, e a tendencia mobilizadora da organización no proceso de eleccións sindicais reportará os incrementos afiliativos concretados nos Plans sectoriais, e que suporá un crecemento neto xeral do 5%, en cada ano, en afiliación.

IV.- ORZAMENTOS DA FEDERACIÓN 2018: RIGOR, CLARIDADE, EFICACIA

A Comisión Executiva Nacional presenta ao Comité Nacional o Orzamento da FeSP-UGT de Galicia para o ano 2018 que, tras a oportuna análise e debate, resultan aprobados.